

Polonia: a nova potencia de Europa do Leste

Pablo Penas Franco

A entrada na Unión Europea

Polonia é membro de diversas organizacións internacionais: ONU, UNCTAD, Banco Mundial, FMI, BERD, OTAN, OCDE... e finalmente, tras un proceso que se iniciou o 5 de abril de 1994, cando Polonia solicitou formalmente a súa incorporación á UE, dende o 1 de maio de 2004, Polonia é un dos 25 Estados membros de Unión Europea.

Ao contrario do que moita xente pensa, a entrada de Polonia na Unión Europea non implica a adopción inmediata de tódolos principios da mesma e do acervo comunitario. Como todo proceso, ten un período transitorio; entre os aspectos máis salientables deste período podemos mencionar algunhas restricións ás liberdades básicas que garante a UE:

- **Libre circulación de mercadorías:** Establécese un período transitorio ata 2008 en produtos concretos.

- **Libre circulación de persoas:** Cada un dos antigos membros da UE ten medidas nacionais propias de carácter transitorio.

- **Libre circulación de capitais:** Polonia pode restrinxir ata 2012 a compra de terreos agrícolas por estranxeiros e ata 2009 a adquisición de segundas residencias por non residentes.

A libre circulación de capitais será potenciada aínda máis cando Polonia entre na Unión Monetaria e adopte o Euro como moeda. Esta entrada podémola considerar xa como certa, aínda que o momento no que se producirá é indeterminado. Durante os últimos meses a prensa polaca fíxose eco das intencións do goberno de cumprir os criterios de converxencia de Maastricht en 2007 e entrar na Unión Monetaria en 2009, malia que distintos organismos internacionais advirten do risco de que se Polonia non acadara o seu obxectivo nesta data, podería tardar outros 5 anos; fica por tanto a dúbida de se a política de austeridade do denominado “Plan Hausner” permitirá cumprir este obxectivo tan optimista.

A finais de 2004 Polonia contaba cunha das rendas per cápita máis baixas da UE, só superior á de Letonia, e un nivel de vida sensiblemente inferior ó da Europa comunitaria. Cun crecemento económico dun 5,6% durante o 2004, só superado na UE polas repúblicas bálticas é moi superior ó de países cun tamaño similar; e cun crecemento esperado superior ó 4% durante os próximos dous anos, Polonia está chamada a se converter na nova potencia do Leste de Europa.

No entanto, antes de que esta previsión poida facerse realidade, Polonia debe mudar totalmente o seu modelo económico. A sombra do modelo socialista

País	Renta per cápita 2004 (dólares)	País	Creceamento PIB 2004
1 Luxemburgo	58.900	1 Letonia	7,6%
2 Dinamarca	32.200	2 Lituania	6,6%
3 Irlanda	31.900	3 Estonia	6,0%
4 Austria	31.300	4 Polonia	5,6%
5 Bélxica	30.600	5 Eslovaquia	5,3%
6 Reino Unido	29.600	6 Irlanda	5,1%
7 Holanda	29.500	7 Eslovenia	3,9%
8 Finlandia	29.000	8 Hungría	3,9%
9 Francia	28.700	9 Grecia	3,7%
10 Alemania	28.700	10 República Checa	3,7%
11 Suecia	28.400	11 Suecia	3,6%
12 Italia	27.700	12 Reino Unido	3,2%
Media UE	26.900	13 Chipre	3,2%
13 España	23.300	14 Finlandia	3,0%
14 Grecia	21.300	15 Bélxica	2,6%
15 Chipre	20.300	16 España	2,6%
16 Eslovenia	19.600	Media UE	2,4%
17 Malta	18.200	17 Luxemburgo	2,3%
18 Portugal	17.900	18 Dinamarca	2,1%
19 República Checa	16.800	19 Francia	2,1%
20 Hungría	14.900	20 Austria	1,9%
21 Eslovaquia	14.500	21 Alemania	1,7%
22 Estonia	14.300	22 Italia	1,3%
23 Lituania	12.500	23 Holanda	1,2%
24 Polonia	12.000	24 Portugal	1,1%
25 Letonia	11.500	25 Malta	1,0%

Fonte: CIA, World Factbook.

Fonte: CIA, World Factbook.

aínda ten unha grande influencia, a economía ábrese sucesivamente a un modelo de mercado pero aínda restan moitos sectores por explorar.

A economía polaca

¿Cal é a situación actual en Polonia?

- **O sector primario** caracterízase pola baixa produtividade da terra, catro veces inferior á media dos Estados membros da UE. A pesar disto, Polonia ocupa un dos principais postos a nivel europeo e mesmo mundial na produción de moitos produtos agrícolas (como patacas, centeo, mazás, grosellas, amorodos, repolo, cenourias, colza e leite) xa que ocupa o quinto lugar a nivel europeo en superficie cultivada. Este sector emprega máis dun 20% da poboación mais a súa contribución ao PIB é moi pequena.

- **O sector secundario** estaba sobredimensionado na economía socialista, pero a situación previa ás reformas era mala debido á excesiva dimensión dalgúns ramos da industria pesada e a escasa presenza da industria lixeira, á baixa produtividade da man de obra, a ineficiencias de ramas monopolísticas e oligopolísticas e ao desfacemento tecnolóxico. Na actualidade xera o 29% do PIB e absorbe o 27% da

poboación activa e a eficiencia dos distintos subsectores dependen en grande medida da maior ou menor presenza do sector privado. En xeral, ramos tradicionais como a minería, a siderurxia e a construción naval están en declive e produciuse un desprazamento cara a industria lixeira. Os sectores enerxético e alimentario tamén se viron favorecidos.

• **O sector terciario** converteuse no motor da economía ao xerar en 2004 o 66,2% do PIB e absorber o 51,5% do emprego. Trátase dun sector moi dinámico cun crecemento superior ao da economía no seu conxunto, especialmente na rama de telecomunicacións. Outros subsectores que destacan pola súa importancia son os servizos financeiros, o turismo, o transporte, os servizos comerciais e os relacionados coa educación e coa saúde.

A transformación do sistema económico en Polonia, en especial a liberalización do modelo de creación de empresas, permitiron un grande incremento da iniciativa privada. A estrutura empresarial tamén mudou, incrementándose considerablemente o número de pequenas e medianas empresas.

Este cambio podemos apreciálo na evolución do PIB: en 1995 o sector público representaba o 59,3% do PIB polaco mentres que en 2004 a súa importancia foi de tan só un 19,8%. No momento actual, Polonia segue inmersa nunha intensa fase de privatizacións debido á necesidade do Goberno de sanear empresas públicas con déficit e á necesidade de recibir inversións estranxeiras para que os fluxos de capitais dinamicen a economía. Estas razóns coinciden co principal motivo para as privatizacións que podemos atopar na literatura empresarial: a mellora da eficiencia.

Que empresas se están a privatizar? Podemos dicir, aínda a risco de caer nunha esaxeración, que o proceso de privatizacións é global, xa que afectan a un grande número de empresas en tódolos sectores, sexa a través de invitacións do Tesouro a negociacións ou ben a través de ofertas públicas. Vimos como entre 1995 e 2004 o sector público dividiu entre 3 a súa importancia relativa en relación ao PIB, e apreciamos como este proceso continúa en 2005: a modo de exemplo, comprobamos cantas empresas estaban nun momento dado en proceso de privatización, o resultado foi de 101 empresas con participación maioritaria do Tesouro e 38 empresas con participación minoritaria.

Estas 139 empresas pertencían a sectores tan diversos como: enxeñaría eléctrica, maquinaria, industria mineral, industria química, combustibles e gas, enerxía, procesado de comida, transporte, comercio, editorial, téxtiles, construción, defensa, bebidas alcohólicas, finanzas e seguros, madeira e mobiliario e telecomunicacións entre outros.

Os principais problemas da economía polaca son a elevada inflación, o déficit público, o déficit externo e a elevada taxa de desemprego. Os traballadores están nunha situación complicada, o salario mínimo estableceuse en 849 zlotys PLN para o ano 2005, pouco máis de 200 euros. Segundo a Central de Estatísticas Polaca (GUS), o salario bruto medio situouse en 2.277 PLN en 2004, perante os 2.201 do ano anterior. No entanto, este indicador ten unha relevancia mínima xa que non reflicte as desigualdades na

distribución da renda do país. De acordo cos datos do Ministerio de Finanzas, preto do 95% da poboación con ingresos gaña menos de 37.000 PLN ao ano, e só un 1% pasa dos 74.000, o que reflicte a escasa renda do polaco medio. Na táboa adxunta podemos observar os principais indicadores da economía polaca.

Principais indicadores económicos de Polonia			
	2002	2003	2004
PIB			
PIB (millóns de euros, a prezos correntes)	199.993	207.593	218.595
Variación real	1,4%	3,8%	5,3%
Variación nominal	2,7%	3,7%	10,3%
Inflación			
Media anual	1,9%	0,8%	3,5%
Fin de período	0,9%	0,8%	2,6%
Tipos de interese de intervención do banco central			
Media anual	9,8%	6,6%	5,9%
Fin de período	7,5%	5,8%	6,5%
Emprego e taxa de paro			
Poboación (x 1.000)	38.219	38.191	38.174
Poboación activa (x 1.000)	17.097	17.643	31.123
Taxa de paro	18,1%	18,0%	19,1%
Déficit público			
% do PIB	3,6%	4,1%	4,8%
Débeda pública			
Millóns de dólares	79.900	78.600	94.400
% do PIB	40,5%	45,4%	43,6%
Exportacións			
Millóns de dólares	49.338	53.836	65.641
Variación fronte ano anterior	6,0%	9,1%	21,9%
Importacións			
Millóns de dólares	57.039	58.913	70.151
Variación fronte ano anterior	3,5%	3,3%	19,1%
Saldo balanza comercial			
Millóns de dólares	-7.701	-5.077	-4.510
% do PIB	-3,8%	-2,7%	-2,3%
Saldo balanza por conta corrente			
Millóns de euros	-5.399	-4.108	-2.958
% do PIB	-2,6%	-2,2%	-1,6%
Débeda externa			
Millóns de euros	81.046	84.611	93.432
% do PIB	40,5%	48,8%	43,1%
Reservas internacionais			
Millóns de dólares	28.450	27.095	26.966
En meses de importacións de bens e servicios	6,0	5,5	4,6
Inversión estranxeira directa			
Millóns de dólares	6.064	6.420	7.858
Tipo de cambio fronte ao euro			
Media anual	3,856	4,397	4,534
Fin de período	3,988	4,700	4,079

Fonte: "Guía do inversor 2005", Oficina Económica e Comercial de España en Varsovia.

Comercio dende e para Polonia

A reconversión da economía polaca á de libre mercado en 1989 fixo que a UE acadase o primeiro posto nos intercambios comerciais procedentes de e con destino a Polonia. Desde o 1 de maio de 2004, o comercio de Polonia réxese pola política comercial da UE. No comercio cos Estados membros desta suprimíronse as restricións cuantitativas, as licenzas e os aranceis⁽¹⁾.

Tamén cómpre destacar que, dende esta data, malia existiren excepcións en algúns produtos, o mercado CE é acreditación suficiente para comercializar os produtos neste país.

O grao de apertura comercial⁽²⁾ da economía polaca ascendeu en 2004 ata o 67,4%, perante ó 58,1% do ano anterior. O intercambio con outros países é moi alto, debido en parte a que durante os últimos 15 anos promovéronse as importacións para satisfacer as necesidades da nova economía. Este feito converteu o déficit comercial nun dos maiores problemas da economía polaca ata que no 2000, por primeira vez en moito tempo, o crecemento das exportacións superou ó das importacións.

Intercambios comerciais España - Polonia (millóns €)									
	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	xan-xul 2005
Exp. España	711,7	847,5	831,3	1.004,5	1.153,8	1.293,4	1.365,8	1.472,1	630,3
Imp. España	295,7	359,8	408,1	560,7	784,8	837,9	1.198,4	1.641,8	551,4
Saldo para España	416,0	487,7	423,2	443,8	369,0	455,5	167,4	-169,7	78,9
Taxa de cobertura	240,7%	235,5%	203,7%	179,2%	147,0%	154,4%	114,0%	89,7%	114,3%

Fonte: Dirección Xeral de Aduanas (Extraído da "Guía do Inversor 2005" da Ofecome de Varsovia).

Polonia é o meirande socio comercial de España na rexión. Os intercambios comerciais entre ámbolos dous mantiveron unha dinámica moi positiva permitindo que o comercio bilateral entre eles se situase en 2004 nos 3.112,9 millóns de euros, un 21,43% máis que en 2003. No 2004 a balanza comercial foi favorable a Polonia por primeira vez, aínda que nos primeiros sete meses de 2005 volta a ser favorable a España, cunhas exportacións de 630,3 millóns de euros e unhas importacións de 551,4 millóns de euros.

Os principais sectores nos que Polonia importa de España son: vehículos de transporte (16,5%), produtos químicos (12,1%), produtos hortofrutícolas (11,3%), equipos e compoñentes de automoción (10,5%) e equipos de defensa e seguridade militar (5,5%). As exportacións polacas a España concéntranse pola contra nun sector: equipos e compoñentes de automoción (49,4%), os seguintes sectores en importancia atópanse moi lonxe, o segundo posto ocúpao o sector dos electrodomésticos (cun 9,2%) e o terceiro os vehículos de transporte (8,5%).

(1) Este feito e certo sen prexuízo de que se manteñan medidas transitorias en determinados produtos.

(2) O grao de apertura enténdese como a suma de importacións máis exportacións, dividido polo PIB.

Polonia como destino de investimento

O goberno polaco pretende atraer a inversión estranxeira mediante a Axencia Polaca de Información e Inversións (PAIiIZ). No entanto, os impedimentos que se encontran a nivel administrativo, burocrático e fiscal reducían o atractivo de Polonia. A Lei da Liberdade Económica de 2 de xullo de 2004 pretende reducir estes impedimentos e garante o dereito dos cidadáns pertencentes aos estados membros da UE de poder levar a cabo actividades económicas no país. Polonia tamén conta con 17 Zonas Económicas Especiais que ofrecen incentivos económicos e exencións fiscais ás empresas que invisten nelas.

Os incentivos ao investimento semellan estar dando resultados. De acordo co *Financial Times*, Polonia está a recuperar a súa reputación como destino máis atractivo para os inversores en Europa do Leste, despois de fracasar durante anos ante rivais máis agresivos coma Eslovaquia. Nos últimos meses conseguiu importantes investimentos perante os seus rivais máis directos, como o investimento de LG Philips en setembro (430 millóns de euros) perante a República Checa ou o investimento de MAN (100 millóns de euros) en agosto perante Eslovaquia. Factores chave neste cambio son a aposta do goberno polo investimento estranxeiro, a maior flexibilidade nas ofertas, o crecemento económico consecuencia da entrada na UE e o novo imposto de sociedades do 19%. Algúns relatorios como o “Global Investments Prospects Assessment 2004” da UNCTAD tamén sitúan a Polonia como o destino máis atractivo para a inversión en Europa Central e do Leste.

Aínda que máis do 70% do investimento estranxeiro en Polonia procede da UE, as empresas españolas ata o momento foron reticentes a investir en Polonia, quizais debido a razóns históricas, de idioma e distancia, ademais da incerteza do entorno.

As autoridades polacas cifran o investimento español en Polonia en 486,4 millóns de dólares, o que sitúa a España na 19ª posición no ranking de inversores. Temos que destacar que o rexistro dos investimentos estranxeiros é voluntario e que a Oficina Económica e Comercial de Varsovia ten constancia de que esta cifra supera en realidade os 600 millóns de euros, encabezada por dúas empresas construtoras: Ferrovial, cun investimento de 185 millóns de euros na construtora polaca Budimex-Dromex e Acciona que investiu 180 millóns de euros en Elektrim e Mostostal Warszawa. Entre as empresas galegas con investimento en Polonia encontramos a Zara (grupo Inditex), Finsa e Fadesa.

Na “Guía do inversor 2005” da Oficina Comercial de Varsovia atopamos un resumo das razóns para investir en Polonia:

- A estabilidade político- social e a pertenza á Unión Europea.
- O crecemento do PIB, superior á media comunitaria e con perspectivas de crecemento entre o 3-4% para os vindeiros anos.
- O tamaño do mercado: 40.000.000 de persoas.
- O baixo custo e a alta cualificación da man de obra.

- A situación xeográfica no centro de Europa que permite usala como plataforma para exportar aos antigos países do bloque oriental.
- Os bos resultados das empresas estranxeiras xa instaladas.
- A adaptación da lexislación ao acervo comunitario.
- Os incentivos ao investimento.
- A valoración positiva por parte de institucións internacionais como o Banco Mundial e a mellora da valoración económica e financeira das principais axencias (Fitch, Moody's...).

O sistema político e o novo goberno: de cara ao futuro de Polonia

Polonia ten un sistema de tipo Parlamentario Presidencial. A súa constitución data de 1997, posterior á época comunista e en liña cos mandatos xerais doutras constitucións europeas. O presidente polaco é elixido polo pobo por democracia parlamentaria para un período de 5 anos, é o xefe das Forzas Armadas e ten dereito a veto sobre as decisións do Parlamento, aínda que este pode revocar este veto co voto de dúas terceiras partes dos parlamentarios.

O poder lexislativo osténtao o Parlamento ou Asemblea Nacional, composto por dúas cámaras: o *Sejm* ou Asemblea⁽³⁾ (cámara baixa) que conta con 460 deputados e o *Senat* ou Senado (cámara alta) composto por 100 senadores. Os representantes de ámbalas dúas cámaras son elixidos por un período de catro anos. O *Sejm* ten a meirande parte do poder, mentres que o *Senat* só pode propor emendas á lexislación aprobada polo *Sejm*.

Nas penúltimas eleccións, a maioría ostentouna o SLD (Unión da Esquerda Democrática) con 157 deputados, e formou unha coalición coa UP (Unión de Traballo) e o PSL (Partido Popular Polaco) para gobernar con maioría absoluta. Esta coalición rompeu o 1 de marzo de 2003 e o 2 de maio de 2004 dimitiu o primeiro ministro Leszek Miller. Durante o último ano e medio Polonia experimentou un período de forte inestabilidade política, a pesares da recuperación económica trala crise de comezos do 2000 e de que a partir de maio de 2004 empezou a recibir axudas procedentes da UE, a nivel político a situación amosou unha debilidade apreciable no constante cese de ministros entre outros aspectos.

Ante esta situación de inestabilidade presentábanse as eleccións de 2005 como unhas eleccións para o cambio democrático. O SLD desapareceu de tódalas apostas ficando nas enquisas previas como a quinta forza política do país. Os dous partidos que se configuraban como posibles vencedores das eleccións eran PO (Plataforma Cívica), liderado por Donald Tusk, que foi nas anteriores eleccións a segunda forza política con 55 parlamentarios; e o PiS (Lei e Xustiza), liderado por Lech Kaczynski, (anteriormente ministro de Xustiza na época de Jerzy Buzek e presidente

(3) Normalmente a palabra Sejm tradúcese como “dieta”, aínda que no contexto político significa Asemblea.

de Varsovia⁽⁴⁾ ata o momento das eleccións) que nas anteriores eleccións foi a terceira forza política no Parlamento con 43 asentos. As enquisas amosaban unha clara vitoria de Donald Tusk perante Kaczynski na segunda volta, mais nos días previos ás eleccións a marxe foise reducindo paulatinamente.

Antes das eleccións presidenciais tiveron lugar as eleccións ó Senado o 25 de setembro de 2005. O PiS resultou gañador cun 26,8% dos votos perante o 24,3% da PO. A baixa participación nestes comicios ofuscou a vitoria. Ámbalas dúas forzas son defensoras do catolicismo e herdeiras do movemento “Solidaridade”; teñen unha ideoloxía moderada de centro-dereita, sendo o PiS de carácter nacionalista e conservador (entre os seus obxectivos destacan a loita contra a corrupción e a preservación dos valores da Igrexa católica) e a PO máis liberal (que pretende acadar uns máis baixos impostos e máis economía de mercado).

No que atinxe aos candidatos podemos salientar a habilidade de Donald Tusk para a política internacional (era o candidato preferido polos dirixentes de varios países da UE) e criticar a súa falta de experiencia e de orientación a cumprir os seus obxectivos. Pola contra Kaczynski destaca nestes dous puntos e criticáselle a falta de coñecementos económicos e a súa visión excesivamente populista en algúns aspectos. Ámbolos dous planeaban gobernar en coalición e desbancar os ex-comunistas da Unión da Esquerda Democrática (SLD); aínda que renunciaron a modificacións da Constitución para un novo reparto de poderes.

Na primeira volta das eleccións presidenciais, o 9 de outubro, Donald Tusk conseguiu o 38,4% dos votos perante o 32,1% de Kaczynski. O terceiro candidato foi Andrzej Lepper, líder do partido populista Samoobrona (Autodefensa) e o cuarto foi Marek Borowski, que a pesares de ser o único representante da esquerda só conseguiu o apoio do 10% do electorado. Ao non acadar ningún deles o 50% produciuse unha segunda volta o pasado 23 de outubro cun resultado diferente, pero non sorprendente, xa que nos últimos días o PiS partía como favorito para estes comicios.

No fin, gañou Kaczynski cun 52,8% dos votos mentres que Tusk acadou tan só o 47,2%. A participación global foi moi semellante á da primeira volta (50,6% perante o 49,6%) pero foi superior nas áreas rurais e o 67,71% do electorado destas áreas votou por Kaczynski. Mesmo a Igrexa tomou parte pedindo aos seus fieis que acudisen ás urnas e recomendando a Kaczynski. Este feito axuda a explicar a inversión de papeis en tan só dúas semanas.

O aspecto máis salientable foi a baixa participación nos comicios que reflicte o descontento popular. O polaco medio, aínda que partidario da Unión Europea, viu dende maio do ano 2004 como os prezos subían sen un aumento acorde do seu salario, e desconfía da clase dirixente independentemente da súa ideoloxía. Esta baixa participación do pobo polaco foi criticada polo ex-presidente Lech Walesa que afirmou estar “*anoxado, non soamente amargado... cando loitei pola democracia*”

(4) As cidades polacas teñen, en xeral, alcalde pero as de maior tamaño denominan a este presidente da cidade pola importancia do cargo, aínda que é equivalente ao alcalde.

esperaba que os polacos fixesen uso dela. Hoxe penso que quizais o comunismo, a policía antidisturbios e as represións deberían ter durado máis tempo...”, unhas declaracións realmente duras cando ámbolos dous candidatos que loitaban pola presidencia foron nun tempo activistas do seu movemento *Solidarnosc*.

A perspectiva de formar un goberno en coalición complicouse coa vitoria de Kaczynski. Donald Tusk reclamou a presidencia do *Sejm* para asegurar un reparto de poderes equilibrado pero o PiS elixiu a Marek Jurek⁽⁵⁾, cos seus votos e cos dos partidos Liga das Familias Polacas (nacionalistas e ultracatólicos), Autodefensa (populistas de esquerda) e co Partido Campesíño Polaco. Malia ás advertencias do anterior presidente, Aleksander Kwasniewski, de que se o PiS non fose capaz de formar un goberno en maioría as novas eleccións poderían adiantarse ao 15 de xaneiro de 2006, Kaczynski conseguiu formar goberno en minoría, (o PiS ten 155 escanos dun total de 460 na Asemblea e no Senado conta con 49 dos 100 escanos). Con este novo goberno Polonia afrontará os vindeiros 4 anos.

O resultado das eleccións representa un claro castigo á esquerda na liña de alternancia política que se vén dando en Polonia desde o fin do comunismo. Este novo goberno encara o desafío de converter a Polonia na próxima potencia do Leste de Europa. O presidente Kaczynski agradeceu aos polacos que votaron pola cuarta República de Polonia, e di manterse fiel ao programa de construír esta cuarta república unida pola solidariedade. Dende o seu cargo de presidente só pode garantir a liña política da República; a tarefa da implementación recaerá nos seus colaboradores, especialmente no primeiro ministro Kazimierz Marcinkiewicz.

O novo ministro de Asuntos Exteriores, Stefan Meller, enfróntase tamén a unha tarefa complicada xa que a liña política de Kaczynski céntrase no propio país. Unha política exterior pouco desenvolvida foi un dos aspectos máis criticados na súa campaña. A pesares de tódalas conxecturas que fagamos agora, só o tempo permitirá coñecer o resultado desta nova etapa de Polonia.

Conclusións

Polonia está actualmente nun momento de auxe debido a factores económicos e políticos que a sitúan como o grande destino para o investimento estranxeiro en Europa Central e do Leste. As grandes potencias teñen os seus ollos postos neste país. Todos, nós tamén, debemos percatarnos deste feito, vencer a nosa resistencia innata, e perder o medo que temos ao idioma e á distancia xeográfica.

A recuperación económica, unida á entrada de Polonia na Unión Europea, auguran un crecemento moi superior ao doutras economías europeas; as expectativas póñense agora no novo goberno de Kaczynski, do que se espera unha política

(5) O cargo orixinalmente fá ostentallo Jaroslaw Kaczynski, irmán xemelgo do presidente Lech Kaczynski, pero renunciou para que os dous máximos dirixentes de país non tivesen o mesmo aspecto físico.

conservadora e unha forte loita contra o mal endémico da corrupción en Polonia. Poderá Kaczynski manter a liña de recuperación e o aumento de credibilidade do último ano e medio? As perspectivas son boas pero non debemos esquecer que o goberno en minoría podería ver mermada a súa capacidade para converter o país na nova potencia de Europa do Leste.

***Pablo Penas Franco** é licenciado en Administración e Xestión de Empresas pola Escola de Negocios Caixanova, técnico en Comercio Exterior pola Confederación de Empresarios de Pontevedra, master en Internacionalización da Empresa polo Instituto Español de Comercio Exterior e doutorando en Administración e Xestión de Empresas pola Universidade de Vigo. Traballou para o Instituto Español de Comercio Exterior na Oficina Económica e Comercial de España en Varsovia e actualmente exerce na Dirección Rexional de Comercio de Vigo.*

Bibliografía

“*Guía País 2005*” e “*Guía do Inversor 2005*”, Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Varsovia

Diversos relatorios da Axencia Polaca de Información e Investimentos, dispoñibles en: <http://www.paiz.gov.pl/>.

Prensa polaca: “PAP” e “PNB”, publicacións que resumen en inglés as noticias máis importantes de tódolos medios de prensa polaca (Gaceta Wyborcza, Rzeczpospolita...).

CIA, *The World Factbook*, <http://www.cia.gov/cia/publications/factbook/>.

Central de Estatísticas Polacas: GUS, <http://www.stat.gov.pl/>.